

## TALLER DE REALIZACIÓN DUN CALENDARIO PERPETUO COA TÉCNICA DO SCRAPBOOKING

### Descrición:

O taller consistirá na confección dunha axenda de forma orixinal e creativa empregando a técnica do scrapbooking e diversos materiais como selos, papeis, teas, adhesivos, troqueis etc.

*Datas de realización:* luns e martes, 14 e 15 de decembro

*Horario:* de 17 a 20 h.

*Duración:* 6 horas

*Lugar:* A tendiña do Scrap (Rúa de Ramón Cabanillas, 5)

*Destinatarios:* mozos e mozas, de 14 a 30 anos, prioritariamente

*Prezo:* de balde

*Nesta actividade proporcionarase parte do material. O material que debe achegar o participante comunicaráselle no momento da súa admisión*

## TALLER DE REALIZACIÓN DE AXENDAS COA TÉCNICA DO SCRAPBOOKING

### Descrición:

O taller consistirá na confección dunha axenda de forma orixinal e creativa empregando a técnica do scrapbooking e diversos materiais como selos, papeis, telas, adhesivos, troqueis etc.

*Datas de realización:* luns e martes, 21 e 22 de decembro

*Horario:* de 17 a 20 h.

*Duración:* 6 horas

*Lugar:* A tendiña do Scrap (Rúa de Ramón Cabanillas, 5)

*Destinatarios:* mozos e mozas, de 14 a 30 anos, prioritariamente

*Prezo:* de balde

*Nesta actividade proporcionarase parte do material. O material que debe achegar o participante comunicaráselle no momento da súa admisión*

## CURSO DE INICIACIÓN Á PINTURA: A COR BAIXO O ESTUDO DA OBRA DE MIRÓ, WARHOL E LUÍS SEOANE

### Descrición:

Actividade que se realiza co alumnado do bacharelato artístico do IES de Sar, a cargo do artista Xoti de Lois. Preténdese achegar os participantes á pintura e ao estudo da cor a través da obra de artistas tan representativos coma Miró, Warhol ou Luís Seoane.

*Datas de realización:* luns, do 5 de outubro ao 14 de decembro

*Horario:* de 17 a 19 h.

*Duración:* 20 horas

*Lugar:* IES de Sar

*Destinatarios:* Alumnado do bacharelato artístico

*Prezo:* de balde

## ACTIVIDADE “LOVE COACHING”

### Descrición:

Con esta actividade preténdese traballar as relacións afectivas. Verás, escoitarás e sentirás o que nos atrae doutra persoa, descubrirás a importancia e o poder da comunicación non verbal e que é o que realmente desexas dunha parella.

*Datas de realización:* Martes 17 e 24 de novembro, 1 e 15 de decembro

*Horario:* de 17.00 a 20.00 h.

*Duración:* 12 horas

*Lugar de realización:* Centro Sociocultural e Xuvenil Municipal O Ensanche

*Destinatarios:* mozos e mozas, de 18 a 30 anos, prioritariamente

*Prezo:* de balde

## OBRADOIRO DE INTRODUCCIÓN AO TRABALLO EN COIRO

### Descrición:

Con esta actividade preténdese traballar esta técnica de artesanía elaborando unhas pezas básicas con este material.

*Datas de realización:* 3, 4, e 10 de novembro

*Horario:* de 17.00 a 21.00 h.

*Duración:* 10 horas

*Lugar de realización:* Centro Sociocultural e Xuvenil Municipal O Ensanche

*Destinatarios:* mozos e mozas, de 14 a 30 anos, prioritariamente

*Prezo:* de balde

Para participar en todas as actividades terán prioridade aquelas persoas empadroadas no Concello de Santiago, non obstante, en caso de quedaren vacantes, poderanse atender outras solicitudes.

*Máis información na:*

Concellería de Xuventude  
CSC e Xuvenil Municipal O Ensanche  
Frei Rosendo Salvado 14-16 Baixo  
15701 Santiago de Compostela  
Tlfn: 981 543 001/ Fax: 981 543 002  
dptoxuventude@santiagodecompostela.org

  
CONCELLO DE  
SANTIAGO  
Concellería de Xuventude

  
xuventude  
Sociedade en acción

## Programa de actividades da Concellería de Xuventude

  
xuventude  
Sociedade en acción



## ACTIVIDADES FORMATIVAS DA CONCELLARÍA DE XUVENTUDE

### OUTUBRO-DECEMBRO 2015

A Concellería de Mocidade do Concello de Santiago pon a disposición dos mozos e mozas da cidade unha serie de actividades formativas para atender aos seus intereses e motivacións, impartindo os seguintes cursos con diferentes temáticas, en colaboración con profesionais e colectivos locais especializados nos distintos sectores:

#### CURSO DE LINGUA DE SIGNOS NIVEL BÁSICO

*Descrición:*

A lingua de signos danos a oportunidade de comunicarnos coas persoas xordas e xor-docegas do noso contorno social e tamén de ampliar a nosa formación e abrir a porta a novas expectativas profesionais, grazas ao coñecemento dunha lingua oficial no ámbito estatal recoñecida dende o ano 2007.

Con este curso poderás adquirir coñecementos básicos da lingua de signos nun contexto ameno, cunha metodoloxía baseada na participación activa e cooperativa, a través de dinámicas grupais, xogos de roles e tendo en conta que ti es o protagonista do teu propio proceso de aprendizaxe.

*Datas de realización:* Martes e xoves 10 de novembro ao 22 de decembro

*Horario:* de 16.00 a 18.30h

*Duración:* 30 horas

*Lugar de realización:* Casa das Asociacións de Cornes

*Destinatarios:* mozos e mozas, de 14 a 30 anos, prioritariamente

*Prezo:* de balde

#### CURSO “OS PIARES PARA UNHA BUSCA EFECTIVA DE EMPREGO”

*Descrición:*

Nesta actividade traballaranse unha serie de técnicas e metodoloxías para establecer os obxectivos laborais que se queren acadar e trazar unha traxectoria que percorrer para lograr unha busca efectiva de emprego.

*Datas de realización:* Xoves a partir do 12 de decembro.

*Horario:* de 16.30 a 20.30 h.

*Duración:* 14 horas

*Lugar de realización:* Casa das Asociacións de Cornes

*Destinatarios:* mozos e mozas, a partir de 16 anos

*Prezo:* de balde

#### CURSO “NOVAS CANLES NA BUSCA ACTIVA DE EMPREGO: AS NOVAS TECNOLOXÍAS”

*Descrición:*

Este curso tratará de fomentar o coñecemento dos recursos tecnolóxicos de cara a unha busca efectiva de emprego, tratando de marcar unha serie de metas a acadar a través do manexo de internet, redes sociais, páxinas web etc.

*Datas de realización:* Xoves a partir do 10 de decembro.

*Horario:* de 16.30 a 20.30 h.

*Duración:* 16 horas

*Lugar de realización:* Casa das Asociacións de Cornes

*Destinatarios:* mozos e mozas, a partir de 16 anos

*Prezo:* de balde

#### CURSO DE FOTOGRAFÍA NOCTURNA

*Descrición:*

Con esta actividade preténdese impartir unha serie de coñecementos básicos para a iniciación á fotografía nocturna.

*Datas de realización:* 10,12, 13 e 14 de novembro

*Horario:* de 17.00 a 21.00 h martes,xoves e venres e os sábados de 10.30 a 13.30 h.

*Duración:* 14 horas

*Lugar de realización:* Centro Sociocultural e Xuvenil Municipal O Ensanche

*Destinatarios:* mozos e mozas, de 14 anos a 30 anos, prioritariamente

*Prezo:* de balde

#### CURSO DE FOTOGRAFÍA DE RÚA

*Descrición:*

Neste curso, as persoas afeccionadas á fotografía aprenderán os trucos e técnicas para a realización dunhas boas fotografías de rúa e de exteriores.

*Datas de realización:* 10, 12, 18 e 19 de decembro

*Horario:* de 17.00 a 21.00 h o xoves e venres e os sábados de 10.30 a 13.30 h.

*Duración:* 14 horas

*Lugar de realización:* Centro Sociocultural e Xuvenil Municipal O Ensanche

*Destinatarios:* mozos e mozas, de 14 a 30 anos, prioritariamente

*Prezo:* de balde

#### TALLER DE COCIÑA DE OUTONO, “SETAS”

*Descrición:*

Actividade na que se experimentará a cociña cuns ingredientes moi propios da época de outono como son as setas, mostrando pratos divertidos e orixinais. A xornada comezará cunha saída, guiada por un experto micólogo, na que recolleremos os cogomelos comestibles e acabaremos acudindo aos fogóns para cociñalas e degustalas.

*Datas de realización:* sábado 14 de novembro

*Horario:* de 10 a 16 h.

*Duración:* 6 horas

*Lugar:* Hello Cooking (Rúa de Sar 96, baixo)

*Destinatarios:* mozos e mozas, de 14 a 30 anos, prioritariamente.

*Prezo:* de balde

#### TALLER DE COCIÑA DE REPOSTERÍA DE SAMAÍN

*Descrición:*

Trátase de achegar a un grupo de mozos e mozas a cociña típica desta festividade.

*Datas de realización:* xoves 29 de outubro

*Horario:* de 19.00 a 21.30 h.

*Duración:* 2,5 horas

*Lugar:* Lusco&Fusco Bakery (Rúa de San Clemente 1)

*Destinatarios:* mozos e mozas, de 14 a 30 anos, prioritariamente.

*Prezo:* de balde

#### TALLER DE COCIÑA “VIAXE EUROPEA POLOS DÓCES DE NADAL”

*Descrición:*

Trátase de achegar a un grupo de mozos e mozas a cociña doutros países amosando algúns dos doces típicos do Nadal europeo.

*Datas de realización:* xoves 17 de decembro

*Horario:* de 19.00 a 21.30 h.

*Duración:* 2,5 horas

*Lugar:* Hello Cooking (Rúa de Sar, 96, baixo)

*Destinatarios:* mozos e mozas, de 14 a 30 anos, prioritariamente.

*Prezo:* de balde

#### TALLER BÁSICO DE CALGETA

*Descrición:*

Taller destinado á aprendizaxe e práctica do tecido coa técnica da calgeta, para confeccionar as túas propias prendas con la.

*Datas de realización:* 18 e 19 de novembro.

*Horario:* de 17.00 a 18.30 h.

*Duración:* 3 horas

*Lugar de realización:* Faino ti tenda (Rúa de San Pedro 89, baixo)

*Destinatarios:* mozos e mozas, de 14 a 30 anos, prioritariamente

*Prezo:* de balde

#### TALLER AVANZADO DE CALGETA

*Descrición:*

Taller destinado ao perfeccionamento do tecido coa técnica da calgeta, para confeccionar as túas propias prendas con la.

*Datas de realización:* 2 e 9 de decembro.

*Horario:* de 17.00 a 18.30 h.

*Duración:* 3 horas

*Lugar de realización:* Faino ti tenda (Rúa de San Pedro 89, baixo)

*Destinatarios:* mozos e mozas, de 14 a 30 anos, prioritariamente

*Prezo:* de balde

#### TALLER BÁSICO DE GANCHO

*Descrición:*

Taller destinado á aprendizaxe e práctica do tecido coa técnica do gancho.

*Datas de realización:* 25 e 26 de novembro.

*Horario:* de 17.00 a 18.30 h.

*Duración:* 3 horas

*Lugar de realización:* Faino ti tenda (Rúa de San Pedro 89, baixo)

*Destinatarios:* mozos e mozas, de 14 a 30 anos, prioritariamente

*Prezo:* de balde

#### TALLER DE GANCHO TUNICIANO

*Descrición:*

Taller destinado ao perfeccionamento do tecido coa técnica do gancho tuniciano.

*Datas de realización:* 3 e 10 de decembro.

*Horario:* de 17.00 a 18.30 h.

*Duración:* 3 horas

*Lugar de realización:* Faino ti tenda (Rúa de San Pedro 89, baixo)

*Destinatarios:* mozos e mozas, de 14 a 30 anos, prioritariamente

*Prezo:* de balde